

Consonte ao regulado no apartado 103.3 das Normas de Xestión Académica, os centros deberán comunicar ás unidades de xestión académica a convocatoria de premios extraordinarios antes do 15 de outubro. Na convocatoria xeral de matrícula establécese un prazo xeral do 16 ao 30 de novembro para a inscrición nos premios extraordinarios que outorga o Consello de Goberno, en aplicación do disposto no apartado 7.3.2 das Normas de Xestión Académica.


Tendo en conta que a Facultade de Ciencias da Educación non publicou a convocatoria de premios extraordinarios correspondentes ao curso académico 2007/08 e só houbo unha solicitude de inscrición para concorrer aos mesmos, da Licenciatura en Psicopedagogía, polo que quedarían vacantes os demais premios que se poden outorgar, cómpre autorizar de forma extraordinaria, e a proposta do Sr. Decano deste centro, un prazo de inscrición para que os alumnos que reúnan os requisitos establecidos poidan concorrer a ditos premios extraordinarios.

En consecuencia, esta Reitoría **RESOLVE**:

ÚNICO.- Abrir un prazo de inscrición entre o 7 e o 15 de xaneiro de 2009, ambos inclusive, para que os alumnos que reúnan os requisitos establecidos nas Normas de Xestión Académica presenten as solicitudes para concorrer aos premios extraordinarios, correspondentes ao curso académico 2007/08, das titulacións de primeiro e segundo ciclo da Facultade de Ciencias da Educación. Os premios que se convocan son 2 por cada titulación, agás na Licenciatura en Psicopedagogía para a que só se convoca, neste prazo, 1 premio extraordinario.

O centro establecerá entre o 16 e o 31 de xaneiro de 2009 as datas concretas para xulgar aos concorrentes aos premios extraordinarios.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2008



O REITOR,

Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS - SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES./AS. XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.